DEPUTACIÓN DE LUGO

**D E C R E T O**

Desde que a Organización Mundial da Saúde declarara o pasado mes de xaneiro que a situación en relación ao COVID-19 supoñía unha emerxencia de saúde pública de importancia internacional, e segundo comezaron a aparecer os primeiros casos en Lugo, faise necesario que as administracións estean preparadas para executar, no marco das súas competencia, as medidas que sexan necesarias para protexer a saúde das persoas e atender ao funcionamento dos servizos imprescindibles para minimizar os efectos da crisis causada pola que hoxe xa se cualifica como pandemia.

Segundo resulta das informacións e recomendacións emitidas polas autoridades sanitarias parece que vai ser inevitable facer fronte a situacións de moi diversa índole, que en algúns casos poderán preverse con antelación; pero que en outros van a resultar das decisións e circunstancias que se produzan como consecuencia da evolución de acontecementos futuros. En moitos casos, a inmediata aplicación de estas medidas va a resultar necesaria para conseguir que sexan eficaces.

Por todo iso, ante a emerxencia de saúde pública provocada polo COVID-19 e en concordancia coas medidas anunciadas polas autoridades sanitarias da Xunta de Galicia e do Ministerio de Sanidad e, en uso das atribucións que me confire o artígo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Presidencia, **RESOLVE** adoptar as seguintes medidas que se manterán canto menos, ata o vindeiro día 27 de marzo de 2020 e que poderán ser ampliadas ou reducidas en función das directrices que establezan as autoridades sanitarias.

**Primeiro.-** O peche ao público das seguintes instalacións titularidade da Deputación Provincial de Lugo ou das súas entidades dependentes:

- Pazo dos Deportes e anexos
- Escola de Piragüismo
- Capela de Santa María
- Pavillón número 4 do Complexo de Santa María
- Pavillón número 5 do Complexo de Santa María
- Pavillón número 8 do Complexo de Santa María
- Museo Provincial de Lugo
- Museo Fortaleza San Paio de Narla en Friol
- Museo do mar en San Cibrao
- Pazo de Tor
- Sala de exposicións tamporais do Pazo de San Marcos, edificio da Deputación.
- Centros de Formación Audiovisual e de Produción de Programas

**Segundo.-** Restrinxir o acceso aos Centros de Atención a Persoas Maiores de Trabada, Ribadeo, Pol e A Fonsagrada, como medida de contención do coronavirus segundo o establecido nas instrucións e protocolos emitidos polas autoridades competentes en materia de sanidade e servizos sociais, habilitando




| | | | |
|---|---|---|---|
| Código Seguro de Verificación | IV664WBT3TWZL2VLCHWGOBTOCQ | *Fecha y Hora* | 13/03/2020 14:47:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica | | |
| *Firmado por* | MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral) | | |
| *Firmado por* | PABLO RIVERA CAPÒN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón)) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664WBT3TWZL2VLCHWGOBTOCQ | *Página* | 1/2 |

automáticamente as responsables dos Centros para a implantación de calquera medida que ditas autoridades establezan en aras do control da devandita pandemia.

**Terceiro.-** A suspensión total e completa de todas as actividades vinculadas ao Servizo de iniciativa de deporte e actividade física saudábel nos concellos da provincia de Lugo: Programa MOVÉMONOS.

**Cuarto.-** A atención ao público nas dependencias Provinciais verase limitado aos casos estritamente necesarios, priorizando na medida do posible a atención telefónica.

Os trámites administrativos faránse vía telemática ou ben telefónica. Sede electrónica Provincial sede.deputacionlugo.org.

**Quinto.-** Para calquera consulta ou información, están habilitados os teléfonos:

- Información Xeral.- 982260000
- Presidencia.- 982260099
- Vías e Obras.- 982265945
- Recursos Humanos e Turismo.- 982260120
- Benestar Social, Emprego e Igualdade.- 982260075
- Recadación.- 982242315
- Contratación.- 982260083
- Unidade de Saúde.- 982260218
- Cooperación cos Concellos e Formación.- 982227812
- Medio Ambiente.- 982227813
- Finca Gayoso Castro.- 982310004
- Rexistro.- 982260030
- Sede electrónica.- 982260001
- Vicepresidencia, Deportes, Centrad, Medio Rural e do Mar, Mocidade, Cultura, PHA e Normalización Lingüística.- 982260193/682714593
- Consorcio de Bombeiros.- 982260048

**O PRESIDENTE,**
P.D. Decreto de data 26-07-2019
**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

**A SECRETARIA,**

Asdo: Pablo Rivera Capón